



**RESOLUCIÓN SOBRE APLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE
GOBERNO DA CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA**

A Xunta de Goberno da Universidade na súa sesión do 15 de marzo de 1999 acordou modifica-las Normas de Xestión Académica que regulaban a convocatoria Fin de Carreira nos planos renovados, fixando os requisitos que deben reunir os alumnos para poder presentarse a esta convocatoria. .

Neste acordo establécese que “poderán realiza-la matrícula para concorrer ós exames fin de carreira os alumnos de planos renovados que para finalizar os seus estudos lles quede un número de créditos inferior ó 30 % da carga lectiva vinculada ó último curso da titulación, **impedíndose a matrícula nas materias das que non tivesen matriculados previamente.**

Non obstante, a peculiaridade dos diversos planos de estudio e o feito de que a norma foi modificada con posterioridade a formalización polos alumnos da matrícula ordinaria correspondente ó curso 1998/99. este rectorado vese na necesidade de dar unha correcta interpretación do acordo así como o correspondente prazo de transitoriedade polo que se dicta a seguinte

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- PLANO DE ESTUDIOS DE FARMACIA.- Debido ás características particulares da materia troncal **Estancias do plano de estudos de Farmacia**, os alumnos que se matriculen da convocatoria extraordinaria Fin de Carreira non terán que ter previamente matriculado esta materia quedando ademais excluída desta convocatoria. Polo tanto e para este plano os alumnos deberán matricularse da totalidade das materias ou créditos que resten para a conclusión dos estudos excepto as Estancias.

Poderán presentarse á convocatoria Fin de Carreira os alumnos de Farmacia que teñan sen superar 24 créditos ou menos se son do plano de 1999 ou 13 se son do plano de 1994, sen computa-las Estancias.

SEGUNDO .- ESTUDIOS NOS QUE SE ESIXA PROXECTO OU TRABALLO FIN DE CARREIRA .- Igualmente no caso das **titulacións que requiran ter tódalas materias do plano de estudos superadas para a realización dun proxecto ou traballo fin de carreira**, non será preciso ter matriculado previamente o proxecto ou o traballo fin de carreira, nin matricularse dos mesmos para poder presentarse a convocatoria Fin de Carreira .



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Poderán presentarse á Convocatoria fin de carreira os alumnos que lles quede o número de créditos igual ou inferior o establecido no Acordo de Xunta de Goberno sen computa-los proxectos ou traballos fin de carreira.

TERCEIRO.- TRANSITORIEDADE.-No presente curso 1999/2000 non será de aplicación o requisito de terse matriculado con anterioridade das materias que matricule o estudante para concorrer a Convocatoria extraordinaria Fin de Carreira, por se-lo acordo da Xunta de Goberno posterior á finalización do prazo de matrícula ordinaria na Universidade de Santiago de Compostela..

CUARTO.- CREDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN. Cando o estudante se matricule de tódalas materias que lle restan para finalizar os estudos e ademais estea realizando prácticas en empresas, seminarios ou actividades académicas para a libre configuración curricular, permitirase a matrícula dos alumnos na Convocatoria Fin de Carreira, sempre que quede xustificada esta circunstancia e que o número de créditos que globalmente lle reste ó alumno para poder matricularse na Convocatoria Fin de Carreira estea comprendido no Acordo da Xunta de Goberno do 15 de marzo de 1999.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 1999

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN, SR. SECRETARIO XERAL, SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA, SRS/SRAS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTRO, SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO COIE, SR. DIRECTOR DO SEIN, SRA./ES XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.